



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingüística de Corpus

Materia	Lingüística de Corpus			
Código	V01M126V01102			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	García-Miguel Gallego, José María			
Profesorado	García-Miguel Gallego, José María			
Correo-e	gallego@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introdución á lingüística de corpus como unha metodoloxía empírica imprescindible para o estudo das linguas desde unha perspectiva multidisciplinar: gramática, lexicografía, sociolingüística, ensino e aprendizaxe de segundas linguas, etc.			

## Competencias

Código	
C2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
C3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
C5	Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido.
C6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
C7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística).
C8	Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e xulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada.
C9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
D1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
D2	Dominio da expresión e a comprensión oral e escrita dun idioma estranxeiro.
D3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
D4	Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
D5	Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras.
D6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
D7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer a metodoloxía de traballo baseada en corpus.	C5 C7 C8 D2 D3 D4
Coñecer os requisitos que debe cumprir un corpus para ser unha mostra representativa dunha lingua.	C7 C8 D3 D4
Recoñecer e aplicar termos e conceptos fundamentais que se usan habitualmente no campo da lingüística de corpus.	C2 C3 C5 C7 D1 D3 D4 D5
Coñecer os diferentes tipos de corpus posibles, a súa clasificación en función de varios criterios, así como as fases necesarias para o seu desenvolvemento.	C2 C3 C5 C6 C8 D3 D4
Recoñecer e reflexionar sobre os principios, procedementos e técnicas usadas na lingüística de corpus en diversos campos profesionais.	C3 C5 C6 C7 C8 D4 D6 D7
Capacitar o alumnado para operar no tratamento automático da linguaxe.	C3 C6 C8 C9 D3 D4 D5 D7

## Contidos

Tema	
1. Os corpus orais e escritos	1.1 Definición e tipos. 1.2 A lingüística de corpus.
2. Deseño, elaboración e xestión de corpus lingüísticos	2.1 Bases de datos 2.2 Codificación e anotación de datos.
3. Explotación de corpus lingüísticos	3.1 Análise estatística 3.2 Tratamento informático de datos 3.3 Comparación de datos.
4. Estudo de casos	4.1 Estudo de casos

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Titoría en grupo	3	10	13
Traballos tutelados	0	70	70
Resolución de problemas e/ou exercicios	12	20	32
Sesión maxistral	15	20	35

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Titoría en grupo	Dedicaranse a facer un seguimento do traballo do alumno.

Traballos tutelados	Terá carácter obrigatorio e individual e nel aplicaranse contidos e/ou metodoloxía relativos á materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Trátase de exercicios, traballos, comentarios... de carácter obrigatorio. Algúns deles poderán ter carácter non presencial.
Sesión maxistral	Os profesores introducirán conceptos e saberes relacionados coa temática da materia, apoiándose en exercicios, comentarios.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Atención personalizada mediante titorías presenciais (preferentemente) ou mediante comunicación electrónica

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballos tutelados	Deseño, elaboración, codificación e anotación dun corpus (oral e/ou escrito) que permita avaliar a competencia do alumnado nas metodoloxías relacionadas coa materia	60	C6 D1 C7 D4 C8 D5 C9 D7
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Empregaranse como complemento da lección maxistral.	25	C3 D1 C6 D3 C8 D4 C9 D5
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia e participación nas clases	15	C3 C5 C7

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Na [segunda convocatoria] os estudantes poderán presentar unha nova versión dos traballos que non obtivesen o nivel suficiente. No caso de cualificación insuficiente nos apartados relacionados coa asistencia e participación, a nota do traballo constituirá o 100% da cualificación final.

Para os estudantes con dispensa de asistencia, a puntuación alcanzada polos traballos suporá o 100% da nota final, tanto na primeira coma na segunda oportunidade.

### Bibliografía. Fontes de información

- Baker, Paul, Andrew Hardie & Tony McEnery, **A Glossary of Corpus Linguistics**, 2006,
- Baker, Paul, **Contemporary Corpus Linguistics**, 2012,
- Biber, Douglas, Susan Conrad & Randi Reppen, **Corpus Linguistics. Investigating Language Structure and Use**, 1998,
- Cheng, Winnie, **Exploring Corpus Linguistics. Language in Action.**, 2012,
- Gries, Stefan, **Quantitative Corpus Linguistics with R: A practical introduction**, 2009,
- Gries, Stefan, **Statistics for linguistics with R: a practical introduction**, 2013 (2ª ed.),
- Hunston, Susan, **Corpora in Applied Linguistics**, 2002,
- Jones, Christian & Daniel Waller, **Corpus Linguistics for grammar: a guide for research**, 2015,
- Kennedy, Graeme, **An Introduction to Corpus Linguistics**, 1998,
- Litosseliti, Lia (ed.), **Research Methods in Linguistics**, 2010,
- Lüdeling, Anke & Merja Kytö (eds), **Corpus Linguistics: An international handbook**, 2008-2009,
- McEnery, Tony & Andrew Hardie, **Corpus Linguistics: Method, Theory and Practice**, 2012,
- McEnery, Tony, Richard Xiao & Yukio Tono, **Corpus-based Language Studies. An advanced resource book**, 2006,
- O'Keeffe, Anne & Michael McCarthy (ed.), **The Routledge Handbook of Corpus Linguistics**, 2010,
- Parodi, Giovanni, **Lingüística de corpus: de la teoría a la empiria**, 2010,
- Sardinha, Tony Berber, **Lingüística de Corpus**, 2004,
- Sinclair, John, **Corpus, Concordance, Collocation**, 1991,
- Teubert, Wolfgang & Anna Cermáková, **Corpus linguistics: a short introduction.**, 2007,
- Teubert, Wolfgang & Ramesh Krishnamurthy (eds), **Corpus Linguistics. Critical Concepts in Linguistics**, 2007,
- Tognini-Bonelli, Elena, **Corpus Linguistics at Work.**, 2001,
- Weisser, Martin, **Practical corpus linguistics: an introduction to corpus-based language analysis**, 2016,
- Wynne, Martin (ed.), **Developing Linguistic Corpora: a Guide to Good Practice**, 2005,

